

**VI. ANUNCIOS**
**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL**
**CONCELLO DE VIGO**
*ANUNCIO da oferta de emprego público do ano 2020.*

Con data do 23 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo de aprobación da oferta de emprego público 2020 (exp. 35213):

«Primeiro. Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2020, integrada polas seguintes prazas vacantes:

PRAZA	QUENDA (turno libre/promoción interna)	TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)	NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS	OBSERVACIÓNS
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	2 LIBRE 3 PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO/A DE CARREIRA	5	Unha das reservadas pola quenda de promoción interna resérvase para persoas con discapacidade.
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	7	Tres delas reservadas para persoas con discapacidade
SUBALTERNO	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	
ENXEÑEIRO/A MONTES	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
TÉCNICO/A MEDIO SERVIZOS ECONÓMICOS	1 LIBRE 1 PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	
ANALISTA INFORMÁTICA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
INSPECTOR/A CONTROL CONCESIONARIAS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
INSPECTOR/A POLICÍA	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	6	Unha delas corresponde á taxa adicional por xubilacións
OFICIAL POLICÍA	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	11	Dúas delas corresponden a taxa adicional por xubilacións
POLICÍA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	24	Catorce delas corresponden á taxa adicional por xubilacións
BOMBEIRO/A	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	7	
CONDUTOR-BOMBEIRO	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	
OFICIAL OFICIOS	LIBRE	PERSOAL LABORAL	8	2 oficial. instalacións municipais, 1 oficial desinfector/a, 1 oficial ferreiro/a, 1 oficial pavimentador/a, 1 oficial albanel e 2 oficiais coidadores zoo.
AXUDANTE OFICIOS	LIBRE	PERSOAL LABORAL	5	Dúas delas reservadas para persoas con discapacidade intelectual.
TOTAL PRAZAS OEP 2020			85	Das 85 prazas, (49 ofértanse pola quenda libre, 19 por promoción interna e, 17 pola taxa adicional do corpo da Policía local), 6 delas se reservan para persoas con discapacidade, dúas das cales para persoas que acrediten unha discapacidade intelectual (7 % das 85 prazas convocadas)



Segundo. De conformidade co disposto no artigo 59 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP) resérvase un total de 6 prazas para persoas con discapacidade, dúas delas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade».

Vigo, 23 de decembro de 2020

O alcalde

P.D. (Decretos do 18.6.2019, 26.6.2019 e 2.9.2019  
e acordos da Xunta de Goberno local do 20.6.2019, 4.7.2019 e 5.9.2019)

Elena Espinosa Mangana

Tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Empresa,  
Economía, Seguridade e Organización Municipal

